

1. Líder



O ROCA ROXE

O Villalbés empatou ante o Victoria e colle impulso de cara ás dúas próximas xornadas, nas que os de Cholas xóganse gran parte das súas opcións de permanencia ante Ourense e O Val, ambos rivais directos. O un a un, aínda que sabe a pouco, mantén o goteo de puntos na casa, onde os chairegos seguen invictos no que vai de 2020



LIGA GALEGA CADETE

O gol e a Milagrosa fixeron as paces en Frigsa esta xornada

Os de Madriles impuxéronse con dous tantos de Juan e outro de Rafa, asinando por segunda vez no que vai de tempada tres goles nun mesmo encontro. Na próxima xornada visitan ao Rácing Villalbés nun derbi Provincial que se disputará no Estadio Roca

CADETE E INFANTIL

O CD LUGO INSTÁLASE NOS PODIOS

Os cadetes na División de Honra, tras impoñerse na Coruña, e os infantís na Liga Galega, ao gañar en Santiago. Ambos seguen a estela de Celta e Deportivo nos primeiros postos

PROVINCIAL INFANTIL

RIBADEO REINA NO DERBI MARIÑAO Os de Donato puxeron fin á xeira triunfal dun Burela que segue líder pero que se despediu dunha das súas xoias, ao asinar Borja Cortegaza polo Deportivo, conxunto ao que xa se incorporou

XUVENIL D. DE HONRA	
RESULTADOS	
R. Santander – TSK Rocas	2-1
CD Lugo – Deportivo	1-4
Ural CF – R. Avilés	3-0
Bansander – Calasanz	4-1
R. Ferrol – Marina Sp.	2-1
R. Oviedo – At. Perinés	3-1
Sp. Gijón – RC Celta	1-1
Val Miñor – Conxo	1-1

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
RC CELTA	52 20 16 4 0 55 16
SPORTING GIJÓN	50 20 15 5 0 57 14
RC DEPORTIVO	38 20 11 5 4 35 17
R. SANTANDER	34 20 10 4 6 41 31
BANSANDER	34 20 9 7 4 28 19
REAL OVIEDO	30 20 9 3 8 32 29
URAL CF	27 19 7 6 6 28 23
CONKO SANTIAGO	26 20 6 8 6 24 31
ED VAL MIÑOR	25 20 7 4 9 29 28
TSK ROCAS	25 20 8 1 11 26 35
ATL. PERINES	22 20 6 4 10 17 33
RACING FERROL	20 19 5 5 9 20 32
CD LUGO	19 20 5 4 11 25 33
REAL AVILES CF	16 20 4 4 12 14 38
CD CALASANZ	12 20 3 3 14 18 44
MARINA SPORT	12 20 3 3 14 16 42

PRÓXIMA XORNADA	
Conxo – R. Ferrol	RC Celta – Ural CF
At. Perinés – Val Miñor	TSK Rocas – Sp. Gijón
Calasanz – R. Oviedo	Deportivo – R. Santander
R. Avilés – Bansander	Marina Sp. – CD Lugo

XUVENIL LIGA NACIONAL	
RESULTADOS	
Choco – O Val	3-0
EF Lalín – UD Ourense	4-1
RC Villalbés – Victoria CF	1-1
Porriño – Pabellón	0-1
CD Areosa – Pontevedra	2-2
Alondras – Valladares	2-1
RC Celta B – CD Lugo B	4-1
Ourense CF – Deportivo B	1-2
Val Miñor B – R. Bouzas	1-2

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA "B"	55 20 18 1 1 70 14
DEPORTIVO "B"	43 20 14 1 5 57 26
PABELLON C.F.	39 20 11 6 3 40 24
C.D. AREOSA	38 20 10 8 2 44 28
C.D. CHOCO	37 20 11 4 5 39 23
PONTEVEDRA C.F.	34 20 10 4 6 43 33
RAPIDO BOUZAS	33 20 9 6 5 32 29
C.D. LUGO "B"	32 20 10 2 8 30 32
VICTORIA C.F.	28 20 8 4 8 36 31
OURENSE C.F.	27 20 7 6 7 35 28
ALONDRA C.F.	27 20 8 3 9 27 33
VALLADARES	22 20 6 4 10 29 38
VAL MIÑOR "B"	20 20 5 5 10 21 38
E.F. LALIN	18 20 5 3 12 21 45
UD OURENSE	14 20 4 2 14 24 47
RC VILLALBES	14 20 4 2 10 26 43
S.D. O VAL	12 20 3 3 14 19 53
PORRINO C.F.	10 20 2 4 14 15 43

PRÓXIMA XORNADA	
R. Bouzas – Choco	Pontevedra – Alondras
O Val – EF Lalín	Valladares – RC Celta B
UD Ourense – R. Villalbés	CD Lugo B – Ourense CF
Victoria – Porriño	Deportivo B – Val Miñor B
Pabellón – CD Areosa	

XUVENIL L. GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
Orillamar – Estrada	0-1
Conxo B – Victoria B	3-1
Montañeros – Calasanz B	1-0
Dumbria – Viveiro CF	4-0
Ural B – Bergantiños	0-1
As Pontes – RC Villalbés B	6-1
Residencia – San Tirso	4-1
R. Ferrol B – G. Caranza	6-1
Compostela – Boiro	1-1

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
S.D. COMPOSTELA	43 20 13 4 3 46 22
CALASANZ "B"	37 20 12 1 7 41 37
MONTAÑEROS C.F.	36 20 9 9 2 30 16
Bergantiños C.F.	36 20 10 6 4 35 18
R. FERROL "B"	36 20 11 3 6 36 28
URAL C.F. "B"	31 20 9 4 7 36 25
C.D. BOIRO	30 19 8 6 5 35 23
C.F. DUMBRIA	30 20 9 3 8 37 33
SAN TIRSO S.D.	29 20 9 2 9 46 35
C.D. CONXO "B"	28 20 7 7 6 44 33
ESTRADA FB	27 20 6 9 5 25 23
G. CARANZA	27 20 8 3 9 32 44
S.D. RESIDENCIA	23 19 6 5 8 21 25
C.D. AS PONTES	22 20 6 4 10 36 39
VIVEIRO C.F.	21 20 6 3 11 34 56
ORILLAMAR S.D.	21 20 6 3 11 25 42
VILLALBES "B"	15 20 4 3 13 22 44
VICTORIA C.F. "B"	7 20 2 1 17 22 60

PRÓXIMA XORNADA	
Boiro – Orillamar	Bergantiños – As Pontes
Estrada – Conxo B	Villalbés B – Residencia
Victoria B – Montañeros	San Tirso – R. Ferrol B
Calasanz B – Dumbria	G. Caranza – Compostela
Viveiro CF – Ural B	

CADETE DIVISION HONRA	
RESULTADOS	
Conxo – Val Miñor	1-1
Arosa SC – Victoria CF	0-1
San Tirso – Bergantiños	3-3
Pontevedra – Pabellón	0-0
Ural CF – AJ Lérez	2-0
Bertamirans – RC Celta	0-6
Calasanz – CD Lugo	0-1
R. Ferrol – Deportivo	0-3
X. Oroso – Coruxo	0-2

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. DEPORTIVO	60 20 20 0 0 86 6
R.C. CELTA S.A.D.	55 20 18 1 1 92 10
C.D. LUGO	37 20 12 1 7 33 33
E.D. VAL MIÑOR	34 20 10 4 6 33 29
SAN TIRSO S.D.	34 20 10 4 6 34 31
URAL C.F.	32 20 9 5 6 26 25
C.D. CALASANZ	30 20 8 6 6 29 24
C.D. CONXO	29 20 7 8 5 27 30
VICTORIA C.F.	27 20 7 6 7 30 40
PABELLON C.F.	25 20 7 4 9 24 28
PONTEVEDRA C.F.	25 20 6 7 7 25 28
AROSA S.C.	25 20 7 4 9 29 40
RACING FERROL	25 20 7 4 9 21 33
CORUXO FC	20 20 5 5 10 26 28
E.D. XUV. OROSO	16 20 3 7 10 24 30
BERGANTINOS C.F.	13 20 1 10 9 21 39
BERTAMIRANS C.F.	10 20 3 1 16 15 71
A.J. LEREZ	3 20 0 3 17 9 59

PRÓXIMA XORNADA	
Coruxo FC – Conxo	AJ Lérez – Bertamirans
Val Miñor – Arosa SC	RC Celta – Calasanz
Victoria CF – San Tirso	CD Lugo – R. Ferrol
Bergantiños – Pontevedra	Deportivo – X. Oroso
Pabellón – Ural CF	

CADETE L. GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
Deportivo B – Estrada FB	6-1
Conxo B – CD Lugo B	3-4
Montañeros – Calasanz B	2-0
R. Ferrol B – Viveiro CF	2-1
Ural B – Dumbria	5-0
Bergantiños B – R. Villalbés	1-2
Milagrosa – San Tirso B	3-1
Imperator – G. Caranza	2-1
Compostela – Boiro	1-0

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
DEPORTIVO "B"	51 20 16 3 1 70 20
MONTAÑEROS C.F.	46 20 14 4 2 52 10
E.F.M. BOIRO	45 20 14 3 3 53 16
S.D. COMPOSTELA	45 20 14 3 3 39 18
IMPERATOR O.A.R.	36 20 11 3 6 26 27
GALICIA CARANZA	34 20 11 1 8 41 29
URAL C.F. "B"	29 20 8 5 7 34 26
C.D. LUGO "B"	29 20 8 5 7 34 26
SAN TIRSO "B"	28 20 8 4 8 32 30
MILAGROSA	27 20 7 6 7 19 24
C.D. CONXO "B"	25 20 7 4 9 32 32
C.F. DUMBRIA	22 20 7 1 12 28 44
R. FERROL "B"	20 20 5 5 10 20 47
BERGANTINOS "B"	16 20 4 4 12 25 41
RC VILLALBES	16 20 3 7 10 18 38
VIVEIRO C.F.	14 20 4 2 14 16 66
CALASANZ "B"	14 20 3 5 12 21 42
ESTRADA FB	8 20 1 5 14 21 54

PRÓXIMA XORNADA	
Boiro – Deportivo B	Dumbria – Bergantiños B
Estrada FB – Conxo B	RC Villalbés – Milagrosa
CD Lugo B – Montañeros	San Tirso B – Imperator
Calasanz B – R. Ferrol B	G. Caranza – Compostela
Viveiro CF – Ural B	

INFANTIL CTO. GALEGO	
RESULTADOS	
Bertamirans – Deportivo	1-2
Sta. Mariña – Pabellón	1-1
Val Miñor – Pontevedra	3-1
Calasanz – Ural CF	2-1
RC Celta – CD Areosa	4-1
Victoria FC – Portero 2000	2-1
Conxo – CD Lugo	2-3
Arosa SC – X. Oroso	1-3

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA S.A.D.	9 3 3 0 0 19 2
R.C. DEPORTIVO	9 3 3 0 0 11 1
C.D. LUGO	9 3 3 0 0 10 6
C.D. CALASANZ	7 3 2 1 0 6 4
E.D. XUV. OROSO	6 3 2 0 1 12 6
BERTAMIRANS F.C.	6 3 2 0 1 6 3
C.D. AREOSA	6 3 2 0 1 8 7
PABELLON C.F.	4 3 1 1 1 4 3
VICTORIA C.F.	4 3 1 1 1 8 8
C.D. CONXO	3 3 1 0 2 5 8
E.D. VAL MIÑOR	3 3 1 0 2 3 8
PONTEVEDRA C.F.	1 3 0 1 2 4 10
SANTA MARINA	1 3 0 1 2 1 8
URAL C.F.	1 3 0 1 2 4 15
AROSA S.C.	0 3 0 0 3 4 9
E.F. PORTERO	0 3 0 0 3 5 12

PRÓXIMA XORNADA	
Deportivo – Arosa SC	CD Areosa – Calasanz
Pabellón – Bertamirans	Portero 2000 – RC Celta
Pontevedra – Sta. Mariña	CD Lugo – Victoria FC
Ural CF – Val Miñor	Xuv. Oroso – Conxo

INFANTIL Fase descenso G-I	
RESULTADOS	
Narón – EF Lalín	5-0
Bergantiños – Montañeros	4-2
Victoria CF – Sálvora	7-0
G. Caranza – R. Ferrol	0-2
San Tirso – SD Viveiro	2-2

CLASIFICACIONES	
Equipo	PTS X G E P GF GC
RACING FERROL	21 3 3 0 0 7 1
BERGANTINOS C.F.	15 3 3 1 0 10 6
GALICIA CARANZA	15 3 3 1 1 4 3
VICTORIA C.F.	13 3 2 1 0 13 3
S.D.C.Y. R. NARÓN	13 3 1 1 1 8 5
MONTAÑEROS C.F.	12 3 0 2 1 4 6
S.D. VIVEIRO "A"	10 3 0 2 1 3 6
SAN TIRSO S.D.	9 3 0 2 1 5 6
E.F. LALIN	8 3 0 1 2 5 13
SALVORA C.F.	3 3 0 1 2 1 11

PRÓXIMA XORNADA	
EF Lalín – San Tirso	R. Ferrol – Victoria
Montañeros – Narón	SD Viveiro – G. Caranza
Sálvora – Bergantiños	

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.
DAVID	Viveiro C.F.	10
DIEGO	RC Villalbés	9
GABARRE	Viveiro C.F.	8
SCHUSTER	CD Lugo	6
ÓSCAR	CD Lugo	6
BRIAN	CD Lugo	5
SPEEDY	CD Lugo B	5
GABRI	RC Villalbés	5
MANU	RC Villalbés B	5
LEANDRO	CD Lugo B	4
MIGUEL	CD Lugo B	4
BUJÁN	RC Villalbés B	4
I. GESTO	RC Villalbés B	4
JORGE	RC Villalbés B	4
MATEO	Viveiro C.F.	4
PÉREZ	CD Lugo B	3
DANI	CD Lugo B	3
CONDE	Residencia	3
FONSECA	Residencia	3
VILA	Residencia	3
SAMU	CD Lugo	2
ROSÓN	CD Lugo B	2
J. CARLOS	CD Lugo B	2
ASIER	CD Lugo B	2
GABRI	CD Lugo B	2
NICO	RC Villalbés	2
MARTÍN	RC Villalbés	2
LÓPEZ	RC Villalbés	2
YAGO	RC Villalbés B	2
BORJA	Residencia	2
ROI	Residencia	2
IVÁN	Residencia	2
YAGO	Viveiro C.F.	2
MARTÍN	CD Lugo	1
DAMIÁN	CD Lugo	1
GÓMEZ	CD Lugo	1
XABI D.	CD Lugo	1
GUTIÁN	CD Lugo	1
ERNESTO	CD Lugo	1
ELOY	CD Lugo	1
FIDALGO	CD Lugo	1
HERRERO	CD Lugo	1
JAVI	CD Lugo B	1

Regularidade XUVENIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.
DIEGO	Viveiro C.F.	24
GARCIA	Residencia	22
XOEL EIJÓ	Viveiro C.F.	22
LÓPEZ	RC Villalbés	20
DAVID	RC Villalbés	16
CONDE	Residencia	16
I. GESTO	RC Villalbés B	15
DANI	RC Villalbés B	15
SANTI	RC Villalbés B	13
ANXO	RC Villalbés	12
SPEEDY	RC Villalbés	11
XAIRO	RC Villalbés	11
LÓPEZ	RC Villalbés B	10
GABRI	RC Villalbés B	10
NOEL	RC Villalbés B	10
GABRI	RC Villalbés	9
DENIS	RC Villalbés B	9
LIS	Residencia	9
CANCIO	Residencia	9
DANI	Residencia	8
RARES	RC Villalbés	7
MIGUEL	RC Villalbés B	7
ÁLEX	RC Villalbés B	6
FONSECA	Residencia	6
PABLO D.	Residencia	6
IVÁN	Viveiro C.F.	6
MARTÍN	RC Villalbés	5
JAVI	RC Villalbés B	5
BUJÁN	RC Villalbés B	5
YAGO	Residencia	5
ANIDO	RC Villalbés	4
BOIXET	Viveiro C.F.	4
BUJÁN	RC Villalbés	3
NICO	RC Villalbés	3
PEDRO	RC Villalbés B	3
DANI	RC Villalbés B	3
ROI	Residencia	3
ADRI	Residencia	3
DAVID	Residencia	3
YOEL	Residencia	3
JUAN	Viveiro C.F.	3
RICHARD	Viveiro C.F.	3
ASIER	RC Villalbés	2
EDGAR	RC Villalbés	2

Pichichi CADETE SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.
AYMAN	CD Lugo B	10
LOMBA	CD Lugo	6
BORJA	CD Lugo	5
ANTÓN	CD Lugo B	5
ADRIÁN	Viveiro CF	5
FREIRE	CD Lugo	4
HUGO	CD Lugo	4
XOEL I.	CD Lugo	4
PÉREZ	CD Lugo B	4
RAFA	Milagrosa	4
ALESITO	CD Lugo	3
MANU	CD Lugo B	3
CABARCOS	Milagrosa	3
DIEGO	Milagrosa	3
JUAN	Milagrosa	3
CRISTIAN	RC Villalbés	3
NOEL	RC Villalbés	3
LUIS	CD Lugo	2
GABRI	CD Lugo	2
BORJA	CD Lugo B	2
BUIDE	CD Lugo B	2
RAÚL	CD Lugo B	2
MIGUEL	Milagrosa	2
MARCO	Milagrosa	2
CARLOS	RC Villalbés	2
MIGUEL	RC Villalbés	2
ANXO	RC Villalbés	2
MENDAÑA	Viveiro CF	2
ROBER	CD Lugo B	2
MANEL	CD Lugo	1
JORGE	CD Lugo	1
PABLO	CD Lugo	1
ROSÓN	CD Lugo B	1
MANUEL	CD Lugo B	1
RUBÉN	CD Lugo B	1
AMIN	CD Lugo B	1
MARIO	Milagrosa	1
ÓSCAR	RC Villalbés	1
MARTÍN	RC Villalbés	1
JAVI	RC Villalbés	1
JOSE	RC Villalbés	1
HUGO	Viveiro CF	1
LUCAS	Viveiro CF	1
JAVI	Viveiro CF	1

Regularidade		
CADETE SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.
LUCAS	Viveiro CF	29
MIGUEL	Milagrosa	21
JUAN	Milagrosa	17
DIEGO	RC Villalbés	13
RAFA	Milagrosa	12
BRAIS	Milagrosa	12
MARTÍN	RC Villalbés	12
AMADO	RC Villalbés	12
ALBERTO	RC Villalbés	12
DAVID	Viveiro CF	12
CARLOS	RC Villalbés	11
HUGO	Viveiro CF	11
CABARCOS	Milagrosa	9
NOEL	RC Villalbés	9
PABLO	Viveiro CF	9
VEIGA	Viveiro CF	8
MARCO	Milagrosa	7
HUGO	RC Villalbés	7
BOIXET	Viveiro CF	7
HUGO	Milagrosa	6
NICO	Milagrosa	6
MARIO	Milagrosa	6
ÁLIX G.	RC Villalbés	6
SERGIO	Viveiro CF	6
CARLOS	Viveiro CF	6
JAVI	RC Villalbés	5
MIGUEL	RC Villalbés	5
LEO	Milagrosa	4
CRISTIAN	RC Villalbés	4
VICENTE	RC Villalbés	4
MARIO	RC Villalbés	4
MARCOS	Viveiro CF	4
BUIDE	CD Lugo B	3
ANXO	RC Villalbés	3
JOSE	RC Villalbés	3
MANU F.	CD Lugo B	2
CRIS	Milagrosa	2
BORJA	Milagrosa	2
LOSADA	RC Villalbés	2
ADRIÁN	Viveiro CF	2
JOAO	Viveiro CF	2
ROSON	CD Lugo B	1
CRISTIAN	Milagrosa	1
MIGUEL	Milagrosa	1



David Guitián disparando a portería ante o mariño e ex xogador do CD Lugo Pol Bassa, nunha acción do encontro disputado o pasado sábado pola tarde na Cheda

Dez minutos fátidicos castigaron ao Lugo

TRES GOLES CONSECUTIVOS do Deportivo sentenciaron o encontro demasiado rápido xa na primeira parte

O Deportivo da Coruña dirixido polo ex adestrador do CD Lugo, Álex Antón, e co mariño Pol Bassa no once inicial, levou-se da Cheda os tres puntos nun partido marcado por dez dos noventa minutos de xogo, nos que os herculinos sentenciaron o encontro con tres goles.

A segunda derrota consecutiva dos de Bruno Rodríguez volve deixar aos lucenses en postos de descenso á Liga Nacional xuvenil ao final desta xornada, mirando xa á seguinte na que visitan ao Mariña Sport, colista da clasificación e ante o que estarán en xogo tres puntos vitais cando restan 10 xornadas para finalizar a competición.

Ante o Deportivo esperábase un encontro igualado como o que se xogou en Abegondo, con empate a un final, e así foi durante gran parte.

Os primeiros dez minutos estiveron marcados pola igualdade, pero con sensación de maior perigo visitante nos metros finais. Tras unha primeira ocasión do Deportivo, a resposta lucense chegou cun par de accións de David Guitián por banda, pero serían os visitantes os que inaugurarán o marcador aos once minutos tras un saque de banda no que sorprenden á zaga local.

Sen marxe para a reac-

CD LUGO	1 4	DEPORTIVO
Gol: Schuster.		Goles: Noel, Ramis, Najera e Jorge.
LUIS, HERRERO, DAMIÁN, GABARRE, LOSADA, FIDALGO, CASTRÍN, VILA, GUITIÁN, SCHUSTER, GÓMEZ.		RAMIS, IVÁN, JORGE, ÁLVARO, NOEL, MARIO, SÁNCHEZ, MIGUEL, PABLO, NAJERA, POL BASSA.
Árbitro: David Pereira, Rubén Folgueira e Alberto Blanco. Campo: A Cheda, Lugo		

ción, tan só dous minutos despois, o deportivista Ramis asinou un golazo tras xogada individual na que foi sorteando defensas ata bater a Losada.

O Lugo quedou tocado co cero a dous, pero afundiuse co cero a tres apenas dez minutos logo de inaugurarse o marcador, e con tan só vinte disputados.

Aos poucos os lucenses foron recuperando o pulso e dispuxeron de ocasións para poder recortar distancias antes do descanso con disparos de Óscar, Gabarre e Guitián, sen o premio do gol.

Xa na segunda parte Schuster, cun remate de volea, atopou o camiño. A partir de aí o Lugo tivo o control do xogo ante un Deportivo serio en defensa e que apenas concedeu ocasións para que o conxunto albi-vermello puidese soñar coa remontada.

O encontro quedou

completamente sentenciado a falta de vinte minutos co catro a un, tras un penalti transformado polo Deportivo.

Na recta final, Xabi Domínguez, por banda, foi o máis incisivo, pero pese a gañar nun par de ocasións a liña de fondo, non atopou rematador dentro da área.

Próxima xornada

A falta de dez xornadas, e aínda con trinta puntos en xogo, o Lugo afronta a súa primeira final do curso a próxima fin de semana ante o Mariña Sport, último clasificado pero que xa foi capaz de rabuñar un punto na primeira volta na Cheda.

O Lugo afronta o encontro co coitelo entre os dentes desde os postos de descenso á Liga Nacional, pero a tan só un punto do Racing de Ferrol, quinto pola cola na táboa da División de Honra xuvenil.

1

VOLTA ÁLEX ANTÓN

O ex adestrador dos albi-vermellos volveu por primeira vez a Lugo como rival aos mandos do Deportivo da Coruña, gañándolle a partida a Bruno Rodríguez, co que compartiu dirección do equipo lucense.

1

LUCENSE NO DEPORTIVO

O mariño Pol Bassa segue medrando no club herculino e asentándose no lateral esquerdo. Pol tamén xogou no CD Lugo antes de asinar polo cadro coruñés.

10'

MINUTOS FATÍDICOS

Tras un inicio de partido igualado, do 10 ao 20 de xogo o Deportivo sentenciou o encontro levando o marcador ata o cero a tres na Cheda.

4º

POLA COLA

O CD Lugo volveu caer a postos de descenso na División de Honra xuvenil. Os albi-vermellos teñen 10 xornadas por diante para enderazar o rumbo e a próxima xornada unha cita moi importante ante o Mariña Sport, colista da competición.



Óscar gañando por velocidade a un defensa rival



Herrero medíndose cun rival tras un balón dividido



Fidalgo anticipándose a un xogador do Deportivo



Gabarre protexendo o coiro ante a presión dun rival



Speedy medindose en velocidade cun defensa herculino

RC VILLALBÉS	1	1	VICTORIA
Go: David			Go: Manuel
ANIDO MARCO Nico LÓPEZ ANXO Asier GABRI Abel EDGAR ÁNGEL DAVID MARTÍN Buján XAIRO SPEEDY		JOSE Ismael JORGE Trullio ASIER XABIER MANUEL DANIEL RUBÉN ÓSCAR MATEO Miguel RAÚL	

Árbitro: Iván Abel Bruzos. Anón Fernández Calvín e Adrián Fernández Teijido. Campo: Roca

O Rácing Villalbés mantén o goteo de puntos no Roca, onde seguen invictos no que vai de 2020 tras empatar ante un dos equipos da zona nobre da clasificación como é o Victoria.

A situación dos chairegos na táboa propicia certa ansiedade, pero aínda máis o fixo encaixar o cero a un aos cinco minutos de xogo.

A partir de aí o Rácing

tivo que remar contracorrente ante un Victoria armado con defensa de cinco e que practicamente non se volveu asomar aos dominios de Édgar en toda a primeira parte.

Pola súa banda, o Villalbés foi crescendo co paso dos minutos e con moitos centros laterais por medio de Marco e Anido nos que faltou a guinda do remate.

No Roca mantense o goteo de puntos

TERCEIRO ENCONTRO CONSECUTIVO puntuando na casa para os de Cholas. O Villalbés foi de menos a máis ante o Victoria

“EMPEZAMOS DE LA PEOR MANERA EL PARTIDO, NOS REPUSIMOS Y MERECEMOS UN PREMIO MÁS GRANDE EN LA SEGUNDA PARTE. A PENSAR YA EN EL PARTIDO TAN IMPORTANTE QUE TENEMOS LA SEMANA QUE VIENE”

David, á saída dun córner cun remate libre de marca, dispuxo da ocasión máis clara antes de chegar ao descanso.

No intermedio Cholas mentalizou ao seu equipo de ir a pola remontada e o Rácing monopolizou a segunda parte á marxe dos últimos dez minutos, nos que o partido foi un ida e volta sen control.

Con David en punta e gañando as disputas, o Rácing cada vez metía máis ao Victoria no seu campo. A recompensa chegou pronto, aos dez minutos da reanudación tras unha falta lateral executada por Marco que rematou López

e foi rexeitada polo porteiro. David, atento na área, enviou o balón solto ao fondo das mallas.

O Villalbés non se conformou e foi a pola remontada, anulándose aos de Cholas dous goles antes de chegar aos últimos dez minutos, nos que o partido rompeuse e os tres puntos puideron caer para calquer lado, sendo o Villalbés, o que no computo global do encontro mereceu a vitoria.

Nas dúas próximas xornadas o Rácing xógase gran parte das súas opcións de permanencia ante dous rivais directos, Ourense e O Val respectivamente.

OS MELLORES
VILLALBÉS
XAIRO
MARCO
BUJÁN



Anxo sacando o balón controlado dende campo propio



Buján nun duelo pola banda cun defensa do Victoria

O Lugo B esixiu a mellor versión do líder na Madroa

OS DE BRAIS PRADOS venderon moi cara a derrota no campo do gran dominador da competición, un Celta B que tirou de acerto puntual para impoñerse



Yago nunha incorporación por banda na Cheda

RC CELTA B	4	1	CD LUGO B
Goles: Arnau (2) e Jesús (2)			Go: Pérez
ISMAEL Facundo VILAN PABLO MARIO CESAR ÁLVAREZ ARNAU BRIAN Rivas RODRIGO CHANZA JAVI SANTIAGO Axel JAVIER Jesús DAVID Labrada HUGO		PÉREZ YAGO ROSÓN ASIER SAMU Mateo LEANDRO Juan Carlos REY Fonseca	

Árbitro: Jose Antonio Varela. Miguel Merino e Jorge Rodríguez. Campo: A Madroa. Vigo

O Lugo B saíu coa cabeza alta da particular visita que todos os equipos da Liga Nacional teñen que facer ao dentista, ao medirse co Celta na Madroa.

O actual campión e líder destacado da competición non adoitara facer rehenes nin conceder facilidades a

nínguén. Os poucos equipos que compiten polos puntos fano tendo a súa mellor versión, con pegada e esperando que os celestes non teñan o seu día.

Deses tres factores, o Lugo B só tivo un do seu lado. Os de Brais Prados estiveron a un moi bo nivel,

pero non tiveron a contundencia necesaria nas ocasións que xeraron e o Celta B soubo sacar a súa mellor versión en momentos puntuales.

O partido empezou a pedir de boca, sacándose brillo o Lugo B á pizarra co cero a un aos trinta segundos tras unha acción ensaiada no saque de centro. Brian montou a contra e Pérez enviaba o balón ao fondo das mallas cando non se cumprira o primeiro minuto de xogo.

A partir de aí e como era de esperar o Celta B tivo o control do xogo a partir da posesión, pero sempre en zonas nas que non xeraba perigo.

No ecuador da primeira parte Brian tivo un man a man no que o porteiro local fíxose inmenso, e o Celta B

30"

GOL DE PÉREZ
Nada máis empezar o encontro, o Lugo B sorprendeu ao Celta B cun gol ensaiado tras saque de centro para tomar as rendas no marcador

2

AUSENCIAS Castrín e Herrero volveron a ser citados por Bruno Rodríguez para xogar co primeiro equipo xuvenil, que se mediu ao Deportivo na División de Honra.

conseguiu empatar antes do descanso ao transformar un penalti.

Na segunda parte o Lugo B tivo máis balón e unha nova ocasión noutro man a man de Brian no que se resistiu o dous a un. Na seguinte xogada o Celta B tirou de pegada e fixo o dous a un e sen tempo para a reacción lucense e tan só cinco minutos despois a sentenza co tres a un.

O Lugo B non baixou os brazos e buscou portería rival con Rodrigo e Rivas tendo as ocasións máis claras ante un Celta B que levou o marcador ata o excesivo catro a un na última xogada.



Fonseca, que asinou un golazo, desbordando por banda



O banquiazul García presionando a un xogador do S. Tirso



Borja, autor do 4-0, anticipándose a un rival

A Cheda volve ser un fortín

TRES PARTIDOS NO 2020 E TRES VITORIAS. Ante o San Tirso, os de Adrián Vázquez mantiveron a solvencia defensiva e tiveron pegada nos metros finais. Na próxima xornada, derbi no Roca



A Residencia segue intratable no que vai de ano na Cheda, onde os de Adrián Vázquez sumaron os últimos 9 puntos en xogo. Ante o San Tirso,

"NORABOA A TODOS POLO GRAN ESFORZO REALIZADO PARA VOLVER Á SENDA DA VITORIA"

ADRIÁN VÁZQUEZ - Residencia

ademas de manter a solvencia defensiva, recuperaron o acerto nos metros finais.

De inicio os visitantes, cun 4-4-2 e presión moi alta, deixaban espazos ás costas da defensa. Un caramelo para Conde e compañía que non tardaron en aproveitar.

Aos cinco minutos Conde fixose cun balón ás

costas da zaga visitante, puxo un bo centro e Roi culminou a xogada subindo o un a cero ao marcador.

García estivo a piques de ampliar a vantaxe tras un saque de esquina, pero as ocasións máis claras chegaban á contra con espazos que aproveitaba a Residencia. Conde, moi activo e sendo un pesadelo para a defensa coruñesa, amagou cun dous a cero que subiu ao marcador Fonseca cun golazo. O xogador lucense, tras unha impresionante

condución, puxo o balón en toda a escuadra cun disparo coa zurda.

O dous a cero daba tranquilidade de cara a unha segunda parte, o San Tirso variou o sistema de xogo e deixou a iniciativa a unha Residencia que sentenciou o encontro a balón parado tras rematar García un saque de esquina.

Con tres a cero no marcador e con media hora por diante, a Residencia xogou con cabeza, mantendo a solidez defensiva

e xerando perigo á contra. Nunha delas, Borja levou o marcador ata o catro a cero ao definir á perfección nun man a man co porteiro visitante.

Nada máis sacar de centro o San Tirso maquiñou o resultado final cun golazo tras disparo desde fóra da área, rompendo a imbatibilidade da Residencia este ano en casa.

Próxima xornada

A Residencia visita o Roca con tres puntos en xogo que poden descartar aos chairegos da loita pola permanencia.

Borrón e conta nova para o Villalbés B nas Pontes

OS DE IVÁN LAMAS teñen a primeira final da tempada na próxima xornada ante a Residencia



"DISPUTAMOS UN MAL PARTIDO ANTE UN RIVAL QUE FOI SUPERIOR A NÓS. AGORA TOCA TRABALLAR TODA A SEMANA PARA MELLORAR"

IVÁN LAMAS - Villalbés B

7

PUNTOS separan ao Villalbés B dos postos de permanencia. Na próxima xornada ante a Residencia no Roca os de Iván Lamas teñen a primeira final da tempada

que se cargou de confianza.

Santi, cun par de disparos desde fóra da área, amagou con recortar distancias, pero o As Pontes puxo terra polo medio á media hora de xogo cun golazo por toda a escuadra tras un disparo desde fóra da área.

Tras recuperar forzas no descanso, o partido terminouse moi pronto na segunda parte co tres a cero nada máis empezar. Gesto recortou distancias e o propio Gesto e Buján tiveron algunha chegada con perigo para poder alimentar o soño dos puntos, pero co cuarto gol do As Pontes, os chairegos xa se quedaron sen poder de reacción.

OS MELLORES

VILLABÉS B

ÁLEX

SANTI

DENIS

Duro revés para o Rácings Villalbés no Poblado tras caer con contundencia ante un rival directo como o As Pontes. Con todo, os de Iván Lamas non teñen tempo para lamentacións, xa que na próxima xornada visita o Roca a Residencia na primeira gran final da

tempada para os chairegos.

Toda a formulación foise por terras nas Pontes moi pronto, co un a cero aos dous minutos de xogo que obrigou ao Villalbés B a remar contracorrente desde o inicio ante un rival

Borrón e conta nova antes da final que lles espera no Roca a próxima xornada ante a Residencia.

A versión máis fráxil do Viveiro volveu a escena

0-0 AO DESCANSO, pero na segunda parte as concesións defensivas desnivelaron o marcador final



"SEGUIMOS COMETIENDO ERRORES DE BULTO DEFENSIVOS QUE NOS TIRAN POR TIERRA TODO EL PLANTEAMIENTO DE PARTIDO QUE HACEMOS, Y ASÍ ES IMPOSIBLE!"

ANTONIO SERRANO

56

GOLES EN CONTRA

Tan só o Victoria B, último clasificado, encaixou máis goles que os mariñoas esta tempada na Liga Galega xuvenil

Pola súa banda o Viveiro tivo a súa mellor ocasión a balón parado, cun remate de Juan que sacou un defensa local sobre a liña de gol, mentres que en ataque a sensación era de que Diego Fernández loitaba só contra a zaga local.

Ao cuarto de hora da segunda parte chegou o un a cero, tras un saque longo do porteiro do Dumbria. A defensa do Viveiro deixou botar o balón e puxo en bandexa o gol para o nove local. Pouco despois chegou o dous a cero nunha acción na que un só xogador deixou en evidencia á liña de cinco defensa mariñoas, mentres que

Na primeira mantívose o cero a cero inicial ata o descanso, tendo o Dumbria a súa mellor ocasión nun man a man no que Lucas, cunha gran intervención, evitou o un a cero.

coa expulsión de Boixet o encontro quedou completamente sentenciado de cara a un tramo final no que o Dumbria ampliou a vantaxe ata o definitivo catro a cero.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

RICHARD

CÁNOVAS

ALBERT

O Lugo abónase ao tres para seguir cotizando á alza

OS DE DANI GALÁN seguen instalados no terceiro posto. Suman tres vitorias seguidas cos tres últimos puntos ante o Calasanz, na terceira xornada consecutiva na que marca Xoel Irimia

CALASANZ	0	1	CD LUGO
Gol: Xoel Irimia			

Árbitro: Héctor Castiella, Fernando Moreno e Alejandro Marta. Campo: San Pedro de Visma

O Lugo segue cotizando á alza, sendo un dos equipos de moda no fútbol galego tras instalarse de cheo no podio da División de Honra cadete. O conxunto que dirixe Dani Galán levouse os tres puntos da Coruña tras impoñerse cun solitario gol de Xoel Irimia no ecuador da primeira parte.

Ata entón o partido

estivo marcado de inicio polo vento que obrigou aos dous equipos a xogar directo.

As disputas e as segundas xogadas gañaron moito protagonismo nun partido pouco vistoso, no que había que poñerse o mono de traballo e no que os lucenses non escatimaron esforzos.

No ecuador da primeira

parte o Lugo enlazou unha boa xogada con paredes por dentro que terminaron cun centro de Luís que rematou en segunda instancia, tras un rexeite. Xoel Irimia ao fondo das mallas, asinando o seu terceiro gol nas últimas tres xornadas nas que marcou en todos os partidos.

Co marcador a favor o Lugo escondeulle o balón a un Calasanz que non tirou a porta ata o descanso, faltándolle un pouco de verticalidade aos lucenses para xerar máis ocasións.

Tralo descanso o Lugo saíu con vida dos seus peores momentos, nos que o Calasanz tivo tres ocasións moi claras, nunha Marcos atopouse cun remate nas mans, Manel despexou outro lanzamento e un dianteiro herculino mandou fóra o balón cando xa se cantaba o gol do empate.



Lomba iniciando unha contra nun partido na Cheda

Co paso dos minutos o Lugo recuperou o seu sitio no campo, tirou de solvencia defensiva para non conceder máis ocasións e en ataque puideron sentenciar o encontro tras un pase de Borja a Xoel

no que se lle marchou un pouco longo o control.

Próxima xornada

O Lugo recibirá a un Rácing de Ferrol ao que xa lle gañou na ida por cero goles a dous na Gándara.

3

XORNADAS MARCANDO Xoel Irimia, que leva catro goles esta tempada, marcou de forma consecutiva ante o Ural, Bertamirans e Calasanz nos últimos tres encontros

3º

POSTO

O conxunto que dirixe Dani Galán segue instalado no podio da División de Honra e xa conta con tres puntos de vantaxe co cuarto clasificado

3

VICTORIAS SEGUIDAS Por segunda vez esta tempada os albi-vermellos asinan tres triunfos seguidos. A mellor xeira esta tempada é de catro vitorias consecutivas

O Viveiro rozou de novo os primeiros puntos a domicilio

UN GOL A TRES MINUTOS DO FINAL deixou sen premio aos celestes, que incluso tiveron ocasión para gañar

R. FERROL B	2	1	VIVEIRO CF
Goles: David (2), Adrián			

Árbitro: Pablo Carballal, Fran García e Xoana Crespo

O Viveiro disputou once partidos a domicilio no que vai de tempada na Liga Galega cadete e aínda non estreou a conta de puntos, pese a estar preto deles e merecelos como ante o Ferrol B na Gándara.

O partido púxose costa arriba moi pronto, co un a

cero aos sete minutos. Con todo, os celestes, co debutante Joao no medio campo, un xogador que pode ser moi importante na recta final de tempada, foise apropiando aos poucos do

"PARTIDO DE URGENCIA EN EL QUE MI EQUIPO HIZO UN BUEN ENCUENTRO, PERO NO MARCAMOS LAS OCAIONES QUE TUUVIMOS Y AL FINAL NOS PASÓ FACTURA"

SERGIO IGLESIAS -Viveiro

1

DEBUT DE JOAO, xogador portugués que chega para imprimir forza ao mediocampo do Viveiro de cara á recta final de tempada

encontro ata xerar e merecer o empate. A ocasión máis clara antes do descanso chegou cun pase filtrado de Boixet a Javi, pero o punta celeste non puido superar ao porteiro ferrolán no man a man.

Tras recuperar forzas no descanso e mentalizar Sergio Iglesias aos seus xogadores de ir a polos tres puntos, o Viveiro asinou unha gran media hora tralo paso polos vestiarios, empatando o encontro cun remate de cabeza de Adrián, suplente tras estar toda a semana doente e sen adestrar, e foise con descaro a polos tres puntos, dispoñendo de ata catro ocasións moi claras ante un

Rácing de Ferrol que saíu con vida e matou no sprint final co 2-1 tras un disparo afastado que castigou en exceso aos mariñais a tres minutos para o final.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

CARLOS

JOAO

BOIXET

Vitoria con máis suspense no marcador que no campo

O LUGO B IMPÚXOSE nun encontro que dominou con máis claridade do que indica o resultado final

CONXO STG. B	3	4	CD LUGO B
Goles: Pablo, Jose e André, Antón, Raúl e Róber (2)			

Árbitro: Kike Refajo, Isaac García e Dario Rodríguez

O Lugo B impúxose ao Conxo Santiago B na Merced con máis superioridade sobre o terreo de xogo do que demostra o axustado tres catro co que finalizou o encontro.

O medio campo albi-vermello con Antón, Rosón e Manu Ferreiro,

levou o peso dun partido que se puxo de cara moi pronto. Os de Antón Méndez xa mandaban no marcador por cero a dous aos dez minutos.

O 0-1 co primeiro gol de Róber coa camiseta do Lugo, tras aproveitar un pase de Borja ao espazo,

mentres que o cero a dous foi obra de Antón logo de recibir unha asistencia de luxo entre liñas de Rosón.

Os composteláns cortaron a sangría co un a dous, pero antes do descanso o Lugo B ampliou a diferenza cun gran disparo de Róber.

Ao comezo da segunda parte o Conxo soñou con meterse no partido ao recortar distancias nunha acción de falta de contundencia defensiva dun Lugo B que continuou dominando e xerando ocasións, ata que nunha delas Raúl asinou o un a catro ao culminar unha contra.

Na recta final, o Conxo maquiou o resultado co tres a catro, pero sen chegar a poñer en perigo os tres puntos para unha versión moi fiable dun Lugo B que puido ampliar a diferenza con dúas ocasións moi claras de Pérez e outra de Rubén.

2

GOLES DE ROBER, que ademais son os seus primeiros tantos da tempada en partido oficial co CD Lugo

1

DERROTA nos últimos 6 encontros para os de Antón Méndez na Liga Galega cadete, competición na que ascenden ata a oitava posición na táboa



Marco medíndose en velocidade cun defensa visitante

O fondo de armario exhibe goles en Frigsa

A MILAGROSA, con cinco cambios no once inicial respecto á última xornada, gañou asinando por segunda vez esta tempada tres tantos

SCD MILAGROSA	3	1	SAN TIRSO
Goles: Juan (2) e Rafa			Go: Jacobo
ALBITE Christian MARIO CRISTIAN NICO BORJA BRAIS VASCO Cabarcos RAFA JUAN DAVID Marco ANXO MARTIN Thomas BRAIS DAVID LUCAS Iago MAURO			DARIO ADRIAN Ismael JACOBO PABLO Martin ISMAEL DAVID MAURO

Árbitro: Jorge Carballo. Brais Piñeiro e Alejandro Cillero. Campo: Luis López Gorgoso, Frigsa

Doce reencontro coa vitoria para unha Milagrosa que encadenaba dúas derrotas consecutivas na Liga Galega cadete. Os de Madriles volveron á senda da vitoria ao grande, con revolución no once inicial incluída con ata cinco cambios respecto da pasada xornada, e asinando por segunda vez no que vai de tempada tres goles nun

mesmo encontro.

O San Tirso B vendeu cara a derrota, presentouse en Frigsa coas ideas claras e con fútbol directo e meteu á Milagrosa no seu campo nos primeiros minutos de xogo, pero sen chegar a dispoñer de ocasións claras ante Borja.

Aos poucos os lucenses fórñonse asentando no terreo de xogo e no ecua-

"TODOS LOS JUGADORES SUMARON PARA CONSEGUIR ESTA VICTORIA. A TRABAJAR Y A PENSAR YA EN EL PRÓXIMO ENCUENTRO"

MADRILES - SCD Milagrosa

dor da primeira parte chegou o un a cero. David, que debutaba esta tempada nun once inicial, filtrou un gran pase interior para que Juan, cun preciso disparo coa zurda, inaugurase o marcador.

Mario, que xogou como interior polo carril esquerdo, tivo o dous a cero nun man a man no que non puido bater ao porteiro visitante, chegando ao descanso con boas sensacións e sen conceder ningunha ocasión.

Nada máis empezar a segunda parte, aos tres minutos, chegou o dous a cero tras unha boa acción entre Juan e Mario na que este último asistiu para

que Rafa empuxase o balón ao fondo das mallas e se reencontrase co gol.

Sen deixar marxe para a reacción do San Tirso, a Milagrosa sentenciou o encontro co tres a cero. Un golazo de Juan ao culminar de volea unha xogada entre

Mario e Rafa, en pleno monólogo dunha Milagrosa que estrelou dous balóns nos postes antes de que o San Tirso maquillase un pouco o resultado final co definitivo tres a un no último minuto de xogo.

Próxima xornada

A Milagrosa visita o Roca para medirse co Rácing Villalbés nun novo derbi provincial.



Juan, autor de dous goles, encarando a un defensa



Diego Cabarcos anticipándose a un rival en Frigsa

O Rácing Villalbés colleu o tren da permanencia en Carballo

PRIMEIRA VITORIA A DOMICILIO, e ante un rival directo co que empatan o golaverage. Na próxima xornada os de Jandro Novoa reciben á Milagrosa

"VICTORIA DE EQUIPO. LOS JUGADORES QUE SALIERON DESDE EL BANQUILLO APORTARON MUCHO Y DEMOSTRARON QUE TODOS SUMAN EN ESTE EQUIPO"

JANDRO NOVOA - R. Villalbés



Carlos a piques de controlar o balón nun partido no Roca

O fútbol empeza a devolverlle ao Rácing Villalbés o que lle quitou en moitos encontros desta tempada. A fortuna estivo nesta ocasión de cara para os chairigos, pero esta chegou porque a buscaron ata o último suspiro.

O tanto da vitoria chegou no último minuto, cun autogol do Bergantiños B nun duelo directo pola permanencia que terminou con un a dous no marcador, igualando o golaverage particular tralo dous a tres do Roca na primeira volta.

BERGANTIÑOS B	1	2	RC VILLALBÉS
Go: Pablo			Goles: Noel e outro en propia porta
JOSE Andrés RUBÉN ALBERTO SAÚL ENRIQUE JAVIER MARCOS Martin PABLO CRISTIAN Borja ALEJANDRO LUIS Baldomir			JAVI Amado SERGIO DÍAZ Alberto MARTÍN VICENTE ANXO Alex NOEL MIGUEL Mario CARLOS CRISTIAN DIEGO HUGO

Árbitro: David Castreje. Óscar Rey e Nonathan Pardiñas. Campo: As Eiroas, Carballo

O Rácing viaxou ao completo a Carballo logo de moitas xornadas nas que Jandro Novoa tivo que lidiar coas ausencias, e o bloque foi o gran protagonista do partido cunha gran aportación dos xogadores que saltaron ao campo ao longo do encontro.

O vento foi o invitado improvisado nun partido no que ao Villalbés custoulle un pouco asentarse no campo, sufrindo nos primeiros dez minutos nos que saíron con vida ante un rival crecido co aire a favor, pero sen xerar ocasións claras ante Diego.

Aos poucos o Rácing foise asentando á vez que creceu en ataque. Anxo foi o primeiro en probar ao porteiro local, pero sería Noel, cun golazo de volea desde o bordo da área, o que puxo por diante no marcador aos chairigos antes de chegar ao descanso.

O Bergantiños B, pese a ter o aire en contra na segunda parte, adiantou liñas en busca do empate, deixando moitos espazos atrás que o Villalbés non puido aproveitar.

No ecuador da segunda metade chegou o un a un tras un saque de esquina. Jandro Novoa reactivou ao equipo cos cambios, que deron un plus de cara á recta final do encontro.

O Rácing creceu e dispuxo de claras ocasións, como un remate de Carlos ante o que se luciu o porteiro local, e outro de Martín que sacou un defensa sobre a liña de gol.

A insistencia chairigativa a súa xusta e merecida recompensa co un a dous no último minuto tras un saque de esquina lanzado por Miguel que un xogador local introduciu no seu portaría ao intentar despxar.

Próxima xornada

O Rácing Villalbés recibirá a próxima fin de semana no Roca á Milagrosa nun novo derbi Provincial. Os de Jandro Novoa encadenan cinco encontros consecutivos puntuando en casa e buscarán unha vitoria que podería sacarlles dos postos de descenso.

OS MELLORES RC VILLALBÉS

ÁLEX	2	2	2
ALBERTO	2	2	2
AMADO	2	2	2

Remontada e pleno de puntos para un Lugo que está no podio

TRES DE TRES PARA OS ALBIVERMELOS NO GALEGO INFANTIL tras impoñerse a un Conxo que se adiantou no marcador. Diego, por partida dobre, e Jose, os autores dos goles

CONXO STG.	2	3	CD LUGO
Goles: Manuel e Hugo			Goles: Diego (2) e Jose
IZAN Iago OSCAR SANTIAGO Juan EROS Jorge ROI	MARIO JORGE Pedro MANUEL Rodrigo LUCAS HUGO	RAÚL BRUNO Román JOSE XAVI ANDRÉ David DIEGO VILLA	ANXO Lucas PEPE JORGE ÁLEX

Árbitro: Rubén Calviño, Adrián Ponte e Joscimar Oliveira Campo: A Merced, Conxo

Celta de Vigo, Deportivo da Coruña e Lugo son os únicos equipos con pleno de puntos nas tres primeiras xornadas do Campionato Galego infantil. Os lucenses, sen facer moito ruído, sitúanse no podio tras impoñerse en Santiago ao Conxo, con remontada incluída.

De inicio o partido empezou de poder a poder,

con moita igualdade e cos dous equipos asentándose e tenteándose sobre o terreo de xogo. No ecuador da primeira parte, aos vinte minutos, os composteláns abrírono o tarro das hostilidades co un a cero, un gol á contra tras perda de balón do Lugo no mediocampo.

A reacción lucense non se fixo de esperar e tan só

cinco minutos despois Vila, André e Diego asociáronse para terminar a xogada con pase de André e remate ao fondo das mallas de Diego.

O Lugo non se conformou e deulle a volta ao marcador tras roubo e acción persoal de Jose, que fixo o un a dous, mentres que Jorge, cunha gran intervención, evitou o empate do Conxo ao filo do descanso.

Ao comezo da segunda parte, aos catro minutos, Diego, cun gran disparo cruzado desde fóra da área, puxo terra polo medio no marcador co un a tres.

O Conxo non se deu por vencido e tivo unha ocasión moi clara para recortar distancias. Tamén rozou o Lugo o un a catro nunha acción na que André, tras regatear ao porteiro compostelán, asistiu a Jose, pero o remate deste foi interceptado por un defensa.



O albivermello Diego foi o autor de dous dos tres goles

Nos minutos finais o Conxo Santiago maquillou o marcador cun remate de cabeza para subir o dous a tres ao marcador, pero xa sen tempo para buscar o empate na Merced.

Próxima xornada

O Lugo recibe ao conxunto compostelán do Victoria nas Gándaras. Ambos equipos xa se viron as caras na primeira fase, impoñéndose o Lugo en

4

GOLES DE JOSE nos tres encontros disputados nesta segunda fase. O dianteiro albivermello asinou todos fóra da casa: 3 en Vilagarcía ante o Arousa e un en Santiago ante o Conxo

3º

POSTO NA TÁBOA

O Lugo, que incluso durmiu o sábado no máis alto da clasificación, remata a xornada no podio tras Celta e Deportivo, os tres únicos equipos con pleno de puntos

Santiago por cero goles a dous, mentres que no horizonte xa aparece dentro de quince días a visita dos lucenses á Madroa para medirse co líder, o Celta de Vigo.

Xoel Ferro regaloulle un valioso empate ao Viveiro

DOUS GOLAZOS DO NOVE CELESTE, o primeiro de vaselina e o segundo dende 35 metros tras pegar na cruceta, valen un punto ante un San Tirso con máis ocasións



Xoel Ferro, autor dos dous goles do Viveiro

SAN TIRSO	2	2	SD VIVEIRO
Goles: Álvaro e Javier			Goles: Xoel Ferro (2)
MARTÍN ALVARO ANXO HÉCTOR ADRIÁN DAVID	OSCAR JAIRÓ JAVIER Rubén JORGE NEANDRO	SAMUEL ADRI XOEL FERRO DAVID DÍAZ Isra	NAIM David A. JUAN RAFA JAVI BARRA MATÍAS Xoel Pigueiras

Árbitro: Adrián García, Adrián de Vega e Álvaro Núñez Campo: O Monte, San Tirso

O Viveiro rescatou un punto ante o San Tirso, rival directo na loita pola permanencia na Liga Galega infantil, nun partido marcado pola gran primeira media hora dos mariños, o apagón nos últimos dez minutos, a for-

tuna na segunda parte e os dous golazos de Xoel Ferro, especialmente o segundo, que vale un punto, tras un disparo desde trinta e cinco metros no que o balón foise ao fondo das mallas tras pegar na cruceta.

Ata entón o Viveiro

"CREIMOS HASTA EL FINAL Y NOS LLEVAMOS UN PUNTO EN UN CAMPO MUY COMPLICADO Y ANTE UN RIVAL DIRECTO EN LA LUCHA POR LA PERMANENCIA"

FIDI - SD Viveiro

sorprende coa formulación inicial de Fidi ao San Tirso, xogando en campo rival e coa defensa moi adiantada, con Javi case fóra da área moi atento aos balóns ás costas da defensa.

Aos once minutos Adri asistiu para que Xoel Ferro, cunha vaselina, inaugurase o marcador co cero a un, e pouco despois David Díaz acariñou o segundo

10

PUNTOS PARA O VIVEIRO, que na próxima xornada recibe ao Galicia Caranza, que suma 15 nesta segunda fase na loita pola permanencia na Liga Galega infantil

pero atopouse cunha boa parada do porteiro local.

Co partido controlado o encontro deu un xiro radical e inesperado tralo empate a un que sacou do partido aos celestes ata encaixar o dous a un en apenas dez minutos e chegar ao descanso perdendo.

Co marcador a favor o San Tirso xogou mellor na segunda parte, dispoñendo de varias ocasións para o tres a un, pero o Viveiro

saiu con vida, loitou ata o final e atopouse cun golazo de Xoel Ferro para sumar un punto que se puxo moi complicado co paso do encontro.

Próxima xornada

Con 10 puntos o Viveiro recibe a próxima xornada ao Galicia Caranza con 15 nun partido con tres puntos moi importantes en xogo.

OS MELLORES

VIVEIRO SD

XOEL FERRO 2

SAMUEL 1

ADRI 1

PICHICHI INFANTIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	P.
FRANKLIN	Burela	9
JAVI	Becerreá	8
TONI	Villalbés A	8
MARTÍN	Ribadeo	7
DEIVID	Becerreá	6
ANDRÉS	Becerreá	4
TEO	Milagrosa	4
HUGO S.	Piringalla	4
JORGE A.	Ribadeo	4
MATEO	Burela	3
MARTÍN	Milagrosa	3
XIAN	Piringalla	3
FIO	Resi A	3
CILLERO	Resi A	3
ÓSCAR	Ribadeo	3
MATEO B.	Ribadeo	3
DIEGO	Ribadeo	3
PABLO NO	Sarriana	3
ALEIXO	Burela	2
BORJA	Burela	2
JAVI	CD Lugo B	2
SAÚL	CD Lugo B	2
GONZALO	Milagrosa	2
PABLO	Milagrosa	2
NACHO	Milagrosa	2
SAÚL	Resi A	2
JULIO	Resi A	2
KEVIN	Ribadeo	2
CARLOS	Sarriana	2
DIEGO R.	Villalbés A	2
PABLO	Viveiro B	2
IAGO V.	Viveiro B	2
SASHA	Viveiro B	2
RICARDO	Becerreá	1
MANU	Becerreá	1
SAÚL	Burela	1
IAGO R.	Burela	1

Regularidade INFANTIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	P.
ADRI	Ribadeo	13
CARLOS	Sarriana	11
NACHO	Resi A	10
TONI	Villalbés A	10
JAVI	Becerreá	9
DEIVID	Becerreá	9
FRANKLIN	Burela	9
ROMÁN	Piringalla	9
ALEIXO	Burela	8
ANDRÉS	Becerreá	7
MATEO	Burela	7
YAGO	Ribadeo	7
BORJA	Villalbés A	7
ALEJO	Becerreá	6
HUGO S.	Piringalla	6
ÓSCAR	Ribadeo	6
PABLO NO	Sarriana	6
YAGO	Villalbés A	6
SAÚL	Burela	5
NACHO	Milagrosa	5
MARTÍN	Milagrosa	5
MATEO V.	Milagrosa	5
XIAN	Piringalla	5
SAÚL	Resi A	5
NICO	Sarriana	5
ÁDAM	Sarriana	5
BARGADOS	Piringalla	4
JORGE A.	Ribadeo	4
MARTÍN	Ribadeo	4
ADRI	Sarriana	4
RICARDO	Villalbés A	4
DANI	Becerreá	3
ANTONIO	Milagrosa	3
BRAIS	Milagrosa	3
HUGO S.	Piringalla	3
RAÚL	Resi A	3
JULIO	Resi A	3



Xoel protexendo o coiro ante Román




O albivermello Martin anticipándose a Tsotne



Teo conducindo o balón ante a presión de Edu

A pegada da Milagrosa desnivelou o derbi

2-0 AO DESCANSO tras unha primeira parte moi igualada en Frigsa. Na segunda, co marcador en contra, a Piringalla acusou o remar contracorrente



Árbitro: Antón Loderio Sarmiento Campo: Luis López Gorgosa Frigsa

OS MELLORES

MILAGROSA	A PIRINGALLA
TEO	TSOTNE
BRAIS	ROMÁN
JAVI	BARGADOS

A Milagrosa segue metendo presión aos tres primeiros clasificados. A primeira parte dis-

"JUGAMOS UN POCO MEJOR. ESTO VA A SER MUY LARGO Y HAY QUE LUCHAR EN CADA PARTIDO POR LOS TRES PUNTOS" MADRILES - Milagrosa

"DEBEMOS SEGUIR TRABAJANDO EN ESTA LÍNEA Y SEGURO QUE MÁS PRONTO QUE TARDE LLEGARÁN LOS BUENOS RESULTADOS" JUAN - Piringalla

putouse de poder a poder, pero ao descanso chegouse con dous a cero no marcador. Teo fixo o un a cero ao culminar un contragolpe, e despois dunha boa ocasión do Piringalla para empatar, Martín tras unha parede con Nacho, levou o marcador ata o dous a cero ao final da primeira parte.

O ritmo de xogo foi máis baixo na segunda parte, sobre todo logo de ampliar a vantaxe e deixar o encontro practicamente visto para sentenza Teo

co tres a cero, nesta ocasión cunha precisa vase-lina.

Pasada a hora de xogo, Xian volveu acudir á súa cita co gol, subindo ao marcador o tres a un cun remate no segundo pau. A Piringalla tivo algunha chegada para poñerse a un só gol, pero a sentenza definitiva chegou por parte da Milagrosa co catro a un que asinou Álex ao rematar coa perna esquerda unha falta lateral lanzada por Brais na recta final do

12

PUNTOS para unha Milagrosa que remata a xornada a tres do líder e a dous de Residencia e Ribadeo, próximo rival dos de Madriles no Provincial infantil

derbi de Frigsa.

Próxima xornada

A Milagrosa pode volver a un dos tres primeiros postos a próxima xornada, na que os de Madriles visitan a un Ribadeo que vén de poñer fin á xeira triunfal do Burela. O segundo posto, con permiso da Residencia, estará en xogo, mentres que a Piringalla recibe ao Villalbés nas Gándaras.

O Becerreá sae airoso de Viveiro

OS GOLES DE ADRIÁN E JAVI no treito final manteñen aos de Nico na loita por disputar a fase de ascenso. De novo, moi boa versión do Viveiro B sen o premio dos puntos

SD VIVEIRO B	0
SD BECERREÁ	2
Eric	Mito
Alejandro	Dani
Vieira	Dorado
Unai	Unai
Justin	Alejo
Mauro	Adrián
Iago	David
Xoel F.	Manu
Gabi	Claudio
Claudio	Andrés
Pablo Yanes	Javi
Mateo	Herbón
Álex	Diego
Pablo G.	
Mateo L.	

Goles: Adrián e Javi polo Becerreá.

Árbitro: Angel Ron Valle

"ESTE EQUIPO SIEMPRE TIENE LA ILUSIÓN DE GANAR SIENDO MEJOR QUE LOS RIVALES"

PABLO IGLESIAS - SD Viveiro B

O Becerreá, que conta cun partido menos que os catro primeiros clasificados, está a cinco puntos dos postos de promoción de ascenso. Os de Nico, sen facer demasiado ruído seguen nun segundo plano esperando o momento

"NO HEMOS ESTADO NI DE LEJOS AL NIVEL QUE PODEMOS DAR"

NICO - SD Becerreá

para asaltar unha das tres primeiras prazas.

Tras impoñerse en Viveiro, nun partido moito máis efectivo que vistoso, o Becerreá visita A Marosa a próxima xornada nun partido para medir forzas e opcións.

En Viveiro o Becerreá nunca estivo cómodo ante

un conxunto local que volveu competir moi ben, incluso xogando en inferioridade numérica desde o minuto vinte.

Dani tivo a primeira ocasión clara do encontro antes de que Javi fose derrubado cando encababa no man a man a Erik. Nesta acción Justin foi expulsado.

Pese a xogar cun menos o Viveiro continuou dando boas sensacións e mantivo o cero a cero no marcador ata a hora de xogo, cando

André fabricou a xogada do cero a un que materializou Adrián cun remate de primeiras desde dentro da área.

O cero a un foi unha losa para un Viveiro B no que Pablo Iglesias segue dando minutos de calidade a xogadores alevíns e que tivo contra as cordas a un Becerreá que nunca estivo cómodo, que sentenciou o encontro na recta final ao culminar Javi un contragolpe.

Ribadeo comprime a Liga

OS DE DONATO PUXERON FIN Á XEIRA TRIUNFAL DO LÍDER. O Burela mantén o liderado e disputou o seu primeiro encontro sen Borja, fichado polo Deportivo

BURELA SD	0	3	SD RIBADEO
Goles: Diego, Yago e Mateo			

Árbitro: Raúl López Martínez Campo: A Marosa

"DESEXARILLE A BORJA TODA A SORTE DO MUNDO DESPOIS DA SÚA FICHAXE POLO DEPORTIVO E NORABOA O RIBADEO POLA VICTORIA"

ÁNXEL - Burela SD

"UNHA VITORIA TRABALLADA ANTE O MELLOR EQUIPO DA PROVINCIA. SÓ QUEDA SACARSE O SOMBREIRO CON ESTES RAPACES"

DONATO - SD Ribadeo

OS MELLORES

BURELA SD	SD RIBADEO
IZAN	ADRI
MATEO	YAGO
DANI	ÓSCAR

O Ribadeo comprimi a loita polo título Provincial ao máximo tras asaltar A Marosa, onde os de Donato impuxéronse por cero goles a tres ao Burela.

De inicio a primeira

presión moi alta especialmente tras perda de balón en campo rival.

